

Reunido o xurado do **XV Certame de Matmonólogos da XIX Feira Matemática 2026**, formado por:

Presidente: Dona Marisol Pérez Blanco, Profesora de Matemáticas.

Dona Carmen Peñamaría Ramón, Profesora de Matemáticas.

Dona Mercedes Vázquez Catoira, Profesora de Matemáticas.

Dona Alicia Vázquez Veiga, Profesora de Matemáticas.

Dona M^a Pilar Orizales Teijeiro, Profesora de Matemáticas.

Secretaria: Dona Isabel Miguélez Pose, Profesora de Matemáticas.

Decidiu outorgar os seguintes premios:

Categoría: Educación Primaria e 1º e 2º curso da ESO

“La letra X”

Autora: **Carmen Iglesias Pérez**, alumna de 1º curso de ESO do **IES Otero Pedrayo** (A Coruña).

Categoría: 3º e 4º curso da ESO e Bacharelato

Esta categoría quedou declarada deserta.

Categoría: Adultos

“Eu son a escuadra”

Autora: **Ana Cristina Hernández Santomé** (Boiro).

Categoría: Obra máis votada na web

“El silencio de los números” (117 votos)


Autor: **Bruno Tojeiro Asenjo**, alumno de 4º curso de ESO do **IES Castro da Uz** (As Pontes de García Rodríguez)

En A Coruña, a 14 de marzo de 2026

Dona Marisol Pérez Blanco



Doña Isabel Miguélez Pose




“La letra X” (Carmen Iglesias Pérez)

Ser o no ser, ¿esa es la cuestión? Pues no, para mi profe de mates la cuestión es X. La letra x, la maldita y escurridiza letra X. Ahora que empiezan a torturarnos con el álgebra me doy cuenta de lo que me gustaba hacer sumas y lo fácil que era en realidad hacer multiplicaciones. Por desgracia, ahora es muy tarde para disfrutar de esos sencillos cursos en los que mi única preocupación era que no me pillaran en el pilla pilla. Ahora sin embargo, las mates me salen por las orejas y ya no puedo con más números y, por si no fuera suficiente, van y añaden letras.

Yo no me lo explico la verdad, números y letras juntos, que será lo siguiente, ¿formas? Ah, perdón, que también hay.

He de decir, que aunque ahora no las soporte, en un pasado muy lejano a mí también me gustaban las matemáticas, pero en fin, las personas cambian, y espero que las matemáticas también.





“Eu son a escuadra” (Ana Cristina Hernández Santomé)

(Entra no escenario unha escuadra grande, sostida por unha persoa.)

Boas tardes.

Eu son unha escuadra.

Si, unha escuadra. Ese triángulo de plástico transparente que vive nas mochilas, nos caixóns, nas oficinas técnicas... e que a xente usa como regra cando está apurada.

E non son unha regra, señores! Eu son unha escuadra!

Díganme cando me utilizan só para subliñar! A miña paciencia tende a cero!

A xente pensa que eu son simple: Tres lados, tres ángulos... nada emocionante.

Pero o que non sabedes é que cando teño noventa graos son perfecta nun mundo cheo de curvas sospeitosas.

Aí tedes o transportador, presumindo das súas curvas. Pero ninguén leva un transportador na mochila, non? (Risa de certeza.)

Ou levas regra... ou levas escuadra. Xa, xa me vas entendendo.

A regra é recta, si. Pero cando algo é recto e sen ángulos... non hai debate. Entón, se os profesores son estritos, e as matemáticas tamén... para que queres na túa mochila un instrumento tan cabezota?

(Pausa. Mira ao público.)

Si, eu tamén teño noventa graos exactos. Pero tamén me desvío, eh.

Sabedes quen me fixo famosa? Un señor chamado Pitágoras. Que descanse en paz no infinito positivo.


Si, si, ese que todos lembrades con lixeiro trauma escolar. “O cadrado dun cateto é igual...” Blablablá.

Perdón.

Iso non é só unha fórmula. É unha filosofía de vida.

Porque a hipotenusa non existiría sen os dous humildes catetos, sen lados distintos, sen ángulos diferentes.





A vida é así. Todo o mundo quere ser hipotenusa. Longa. Visible. Importante.

Pero sen catetos non hai hipotenusa, non hai teorema. E sen teorema non hai gloria. Nin diploma de fin de curso!

(Pasea un pouco.)

Logo marchades para a casa pensando que me deixastes atrás. Que xa sodes libres das matemáticas.

E resulta que tedes a cabeza torcida.

Pois xa que falamos, hai moita cousa torcida por aí:
a estantería coa foto da parella,
unha relación aguda —desas intensas que apaixonan... e logo pican—,
ou unha relación obtusa, que non sabes moi ben cara onde vai.

(Pausa longa e dramática.)

Eu non quero ser un recordo escolar. Eu quero ser esa referencia que teñades cando necesitedes dirección. Porque sen dirección non hai camiño.

Pitágoras non falaba só de lados. Falaba de equilibrio. Se medras nun lado, cambia a hipotenusa. Se cambias un ángulo, cambia todo.

Todo! (grita.)

Así que a próxima vez que vexas unha escuadra nun caixón, non penses: “material escolar”.

Pensa:

Aquí hai alguén que sabe que os ángulos importan. Que as desviacións existen. E que a rectitude... non é aburrida. É necesaria.


(Pausa final.)

E agora, se me desculpades, vou aliñar ese foco que está claramente cinco graos desviado.

(Dá uns pasos e volve xirar cara ao público.)

Porque eu son unha escuadra. E non estou aquí para gustar, Estou aquí para cadrar.





“El silencio de los números” (Bruno Tojeiro Asenjo)

A veces pienso que las matemáticas no son una ciencia, sino una confesión. Un murmullo antiguo que el universo dejó escondido entre símbolos y ecuaciones. Cuando escribo un número, no trazo una cifra: invoco una idea que existe aunque nadie la mire. El cero no es la nada; es la posibilidad. El infinito no es algo inalcanzable; es la promesa de que siempre habrá más preguntas que respuestas. Y en esa tensión entre lo finito y lo eterno, yo intento entender quién soy.

Me fascina cómo una línea recta puede extenderse sin límite, cómo un punto no tiene dimensión y, aun así, puede sostener el peso de toda una geometría. Un triángulo no es solo tres lados: es equilibrio, es tensión, es una negociación entre ángulos que buscan cerrar un espacio perfecto. Cuando observo una función crecer, siento que estoy viendo el pulso de algo vivo; cuando decrece, percibo la nostalgia de lo que fue. Todo cambia, todo varía, y sin embargo las leyes permanecen.

Las ecuaciones me hablan de justicia. Si altero un lado, debo compensar el otro. Hay una ética silenciosa en el signo igual: nada se pierde, nada se crea sin consecuencia. Resolver es equilibrar, simplificar es comprender. A veces la vida parece un sistema incompatible, lleno de incógnitas imposibles; otras veces, basta una sustitución inteligente para que todo encaje con una claridad casi luminosa.

También están los errores, esos pequeños desvíos que cambian el resultado por completo. Un signo mal colocado puede derrumbar una demostración impecable. Y sin embargo, el error no es fracaso, sino camino. Cada intento fallido es una aproximación, como una serie infinita que converge lentamente hacia la verdad. Aprendí que entender no es llegar primero, sino acercarse cada vez más.

Al final, las matemáticas no me enseñaron solo a calcular, sino a contemplar. Me enseñaron que el orden puede surgir del caos, que la belleza puede esconderse en una fórmula aparentemente fría, y que incluso lo abstracto tiene raíces profundas en la realidad. Tal vez por eso regreso siempre a los números: porque en su silencio encuentro una forma de escucharme.

